

Resolución reitoral do 24 de febreiro de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das propostas de interese para a coordinación de Erasmus *Blended Intensive Programmes* (BIP) e se procede á súa convocatoria para o curso 2026/2027

Preámbulo	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto e finalidade	2
Artigo 2. Consorcio	2
Artigo 3. Participantes	3
Artigo 4. Contía e financiamento	3
Artigo 5. Prazos de execución	3
CAPÍTULO II. Procedemento de adxudicación	3
Artigo 6. Presentación de solicitudes	3
Artigo 7. Prazo de presentación de solicitudes	3
Artigo 8. Comisión de valoración	4
Artigo 9. Criterios de admisibilidade	4
Artigo 10. Criterios de adxudicación	5
Artigo 11. Resolución e prazo de alegacións	5
CAPÍTULO III. Conceptos elixibles e xestión da axuda	5
Artigo 12. Gastos elixibles	5
Artigo 13. Xestión económica	6
CAPÍTULO IV. Protección de datos	6
Artigo 14. Protección de datos	6
Disposición adicional primeira. Información	7
Disposición final primeira. Recursos	7
Disposición final segunda. Eficacia	7
Anexos	7
Anexo I. Modelo de proposta	8
Anexo II. Modelo de orzamento	9

Preámbulo

Os *Blended Intensive Programs* (BIP) encádranse dentro da acción Erasmus+ KA131 de educación superior. A súa finalidade é promover a colaboración entre universidades socias para o deseño coordinado dun programa académico de mobilidade física de curta duración ao que se asocia, ademais, un compoñente virtual. Os BIP poden estar abertos a estudantes e a persoal de institucións de educación superior.

Este tipo de accións inclúen aprendizaxe baseada en retos ou proxectos, nos que equipos transnacionais traballan xuntos para resolver un desafío e presentar unha solución. O programa do BIP debe proporcionar un valor engadido respecto a materias ou cursos da oferta académica habitual nas universidades participantes, e pode ser de carácter plurianual. Pode resultar moi axeitado para a abordaxe de determinadas materias en que resulte de interese realizar visitas internacionais curtas (para prácticas, seminarios, estadías etc.) fóra da contorna habitual de ensino-aprendizaxe.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e finalidade

1. A finalidade desta convocatoria de mostra de interese é a de axudar economicamente ao financiamento dunha acción BIP coordinada pola UDC e organizada por un consorcio dun mínimo de tres universidades con Carta Erasmus+ de tres países diferentes do Programa Erasmus+.

2. Finánciase unha acción BIP que combine un período obrigatorio de traballo en liña e un período de traballo presencial, en que todas as persoas participantes se trasladarán ao país da universidade organizadora para unha mobilidade de entre 5 e 30 días.

Artigo 2. Consorcio

1. O programa debe ser desenvolvido e executado por polo menos tres institucións de educación superior procedentes de polo menos tres estados membros da Unión Europea ou de terceiros países asociados ao Programa Erasmus+ (Islandia, Liechtenstein, Macedonia do Norte, Noruega, Serbia e Turquía). Outras institucións de educación superior ou organizacións poderán enviar participantes; os participantes procedentes de institucións de terceiros países non asociados ao programa (antes "países socios") deberán asumir os custos da mobilidade.

2. Os BIP poden ser plurianuais, de modo que un mesmo BIP pode ser financiado na seguinte convocatoria. A UDC poderá acordar cos socios a alternancia da coordinación do BIP e, polo tanto, do rol de institución de acollida para edicións posteriores.

3. Roles das participantes:

a) A universidade coordinadora (UDC): solicita, recibe e xestiona os fondos de OS (*organisational support*). Por defecto, a universidade coordinadora será a receptora da mobilidade.

b) A universidade receptora ou de acollida (UDC): recibe as persoas participantes do BIP; as actividades poderanse realizar nun campus da UDC ou en territorio español.

c) As universidades de envío poden ser calquera do consorcio BIP ou outras institucións con Carta Erasmus ou institucións de terceiros países.

Artigo 3. Participantes

Poderán participar nun BIP estudantes de educación superior (niveis European Qualifications Framework de 5 a 8) e persoal de educación superior (PTXAS ou PDI).

Artigo 4. Contía e financiamento

1. A coordinación do BIP recibirá financiamento en concepto de apoio organizativo (OS), ata un máximo de 4.000 euros.

2. Esta convocatoria financíase con axudas orzamentarias da Comisión Europea para proxectos Erasmus+ KA131 do ano 2025 (2025-1-ES01-KA131-HED-000326080).

3. O centro de gasto destes fondos será ao que pertenza o coordinador do BIP, transferíndoselle estes dende a partida 0402251228 422D 22606.

Artigo 5. Prazos de execución

A execución do proxecto que resulte beneficiario e as mobilidades recollidas no BIP deberán realizarse durante o curso 2026-27 e, en calquera caso, antes do 30 de xuño de 2027.

CAPÍTULO II. Procedemento de adxudicación

Artigo 6. Presentación de solicitudes

1. As propostas deberán ser presentadas por PDI da UDC e deberán axustarse aos modelos presentados no anexo I desta convocatoria. A proposta e o orzamento de gasto deben ser dirixidos debidamente cubertos e asinados electronicamente polo/a responsable do BIP, e polo/a decano-a/director-a do centro ao que se adscribe, á Oficina de Relacións Internacionais a través do correo electrónico erasmus@udc.gal.

Artigo 7. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación desta resolución no [Taboleiro Electrónico Oficial](#) (TEO) da UDC e finalizará ás

23:59 horas do día 31 de marzo de 2026. Posteriormente publicarase unha listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas, e abrirase un prazo de 10 días hábiles para emenda de erros a través do [Rexistro Electrónico da UDC](#) (Oficina de Relacións Internacionais).

Artigo 8. Comisión de valoración

As propostas serán avaliadas pola seguinte comisión:

- Presidente: Moisés Canle López (vicerreitor de Titulacións e Internacionalización).
- Secretaria: María Bobadilla Pérez (adxunta de Política Internacional).
- Vogais: Bruno Casal Rodríguez (coordinador institucional Erasmus); Sandra King Gouyer (técnica da Oficina de Relacións Internacionais); Pablo Nieto Mallo (técnico da Oficina de Relacións Internacionais).

Artigo 9. Criterios de admisibilidade

1. Os acordos institucionais entre as institucións de educación superior do proxecto (Interinstitutional Agreements - IIA) deberán asinarse antes do inicio das mobilidades. A xestión, tramitación e formalización dos IIA corresponderá á persoa beneficiaria do financiamento, quen actuará como responsable do programa e deberá garantir o cumprimento dos requisitos establecidos, así como a adecuada coordinación coas institucións socias participantes para a sinatura dos acordos.

2. O programa debe de incluír unha mobilidade física de 5 a 30 días. Cada institución financiará as mobilidades de curta duración dos seus propios participantes cos seus propios fondos Erasmus+. O consorcio deberá confirmar coas súas oficinas internacionais a dispoñibilidade de fondos Erasmus para bolsas de curta duración para os/as participantes que se reciban na UDC. Só en casos excepcionais quen participe pode ser Erasmus con bolsa 0, e nestes casos a UDC non asumirá ningún custo derivado da dita participación.

3. O número mínimo de estudantes/participantes que realicen mobilidade nun programa intensivo combinado é de 10; o máximo de participantes é de 60. Nestes cálculos exclúense os/as participantes de terceiros países non asociados ao programa, así como o estudiantado da universidade de acollida (UDC).

4. Para o estudiantado participante a mobilidade física e virtual combinada debe suporlle o recoñecemento dun mínimo de 3 créditos ECTS, polo que o número global de horas de traballo (presencial e en liña) debe ser dun mínimo de 75 horas. Cada socio debe establecer mecanismos para o devandito recoñecemento académico nas súas titulacións.

Artigo 10. Criterios de adxudicación

Alén de cumprir cos requisitos mínimos da convocatoria, para a adxudicación utilizarase o seguinte baremo de puntuación, cun máximo de 10 puntos:

- a) Programa docente: método innovador de aprendizaxe/ensino, valor engadido que achega á oferta académica xa existente no centro e resultados esperados da aprendizaxe (ata 4 puntos).
- b) Historial de colaboración das universidades involucradas na proposta (ata 3 puntos).
- c) Realización, por parte do alumnado da UDC, de prácticas académicas que formen parte do programa de estudos (ata 2 punto).
- d) Proposta presentadas por coordinadores que non coordinaron previamente un BIP en proxectos anteriores (ata 1 punto).

Artigo 11. Resolución e prazo de alegacións

1. Unha vez que remate o prazo de presentación de solicitudes, a ORI publicará no [TEO](#) e na súa [páxina web](#) unha resolución provisional coa proposta seleccionada, que incluírá unha listaxe de agarda coas propostas non seleccionadas. No caso de que a proposta seleccionada renuncie ao financiamento, procederase á adxudicación da seguinte proposta, na orde establecida nesa listaxe de agarda.
2. A aceptación ou renuncia realizarase durante os seguintes cinco días hábiles á comunicación de adxudicación, para o cal se responderá ao correo electrónico da ORI en que se comunica a resolución.
3. Establécese un prazo de cinco días hábiles desde a comunicación da resolución provisional de concesión para a realización de alegacións. As alegacións presentaranse a través do [Rexistro Electrónico da UDC](#), dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais.
4. A ORI publicará no [TEO](#) e mais na súa páxina web a resolución definitiva coa proposta seleccionada.

CAPÍTULO III. Conceptos elixibles e xestión da axuda

Artigo 12. Gastos elixibles

1. O PDI responsable/coordinador do BIP disporá, en concepto de apoio organizativo (OS), da cantidade máxima de 4.000 euros.
2. No anexo I figuran as partidas de gasto elixibles ás que se debe axustar o orzamento e que terán que xustificarse debidamente, a través de facturas e de certificados de impartición de docencia, para a súa posterior tramitación económica.

Artigo 13. Xestión económica

1. O importe asignado ao BIP será transferido integramente pola ORI ao centro a que estea adscrito o/a coordinador/a do BIP, no prazo máximo dun mes desde a publicación da resolución definitiva.
2. A xestión económica de cada proxecto, o control de admisibilidade de gastos e as tramitacións de pagamento a provedores e docentes levaranse a cabo polo centro, con referencia aos créditos asignados para estes proxectos pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (véxase o apartado I).
3. O límite para a execución e xustificación dos gastos é o 30 de xuño de 2027. Os créditos non xestionados nesa data pasarán a ser xestionados pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización.

CAPÍTULO IV. Protección de datos

Artigo 14. Protección de datos

1. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, sobre a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos devanditos datos (RXPDP), e o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos facilitados pola persoa interesada mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.
2. Solicitar unha destas prazas de mobilidade na UDC implica a aceptación do contido desta resolución e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, segundo a LOPD, para os efectos dunha axeitada xestión das prazas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa finalidade antes mencionada cumprirán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.
3. Ao concorrer a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente á publicación dos seus datos na resolución da solicitude no TEO da Sede Electrónica da UDC, segundo o disposto na disposición adicional 7.^a da LOPD. A resolución desta convocatoria quedará publicada no lugar indicado. Ademais, os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.
4. A persoa interesada consente ao tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Poderá exercer

os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo do dereito que lle asiste a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Disposición adicional primeira. Información

A información sobre o Programa Erasmus+ e as accións BIP pódese consultar en <http://www.sepie.es/>. Para máis información, diríxase á Oficina de Relacións Internacionais:

CAMPUS DA CORUÑA

Casa do Lagar. Campus de Elviña

Tel: 981 167 000 (ext. 7681 /1970). Correo: erasmus@udc.gal

Disposición final primeira. Recursos

Esta resolución poderá ser recorrida mediante un recurso potestativo de reposición, ante o/a reitor/a da UDC, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP, ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da LXCA.

Disposición final segunda. Eficacia

Esta resolución reitoral despregará os seus efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Anexos

Anexo I. Modelo de proposta

Anexo II. Modelo de orzamento

Anexo I. Modelo de proposta

RESPONSABLE DA PROPOSTA
Nome e apelidos: Centro/departamento: Correo electrónico e extensión telefónica:
ENTIDADES DE ENVÍO (de ser o caso, indique colaboracións anteriores coas ditas entidades)
<i>Institución socia 1 (código Erasmus e nome oficial):</i> <i>Institución socia 2 (código Erasmus e nome oficial):</i> <i>Institución socia 3 (código Erasmus e nome oficial):</i>
TIPOLOXÍA DE PARTICIPACIÓN
<input type="checkbox"/> Estudantes <input type="checkbox"/> PTXAS <input type="checkbox"/> PDI
TÍTULO DA PROPOSTA
PRIORIDADE DO PROGRAMA ERASMUS+ QUE SE ABORDA
<input type="checkbox"/> Inclusión e diversidade <input type="checkbox"/> Transformación dixital <input type="checkbox"/> Medio ambiente e loita contra o cambio climático <input type="checkbox"/> Participación na vida democrática <input type="checkbox"/> Outros (desenvólvese abaixo)
Outros (se procede):
RESUMO DA PROPOSTA (o resumo da proposta debe conter, como mínimo, a información que se reflicte nos puntos inferiores)
<ol style="list-style-type: none"> 1. Obxectivos e resultados esperados da aprendizaxe (competencias que se adquirirán). 2. Descrición do programa formativo (módulos e contidos diferenciados entre formación virtual e presencial). 3. Metodoloxías de ensinanza. 4. Participantes (número estimado, número de países dos participantes, número de docentes, campo de estudo –clasificación ISCED 2013, ciclo de estudos –se os participantes son estudantes– etc.) 5. Idioma de instrución. 6. Centro no que se desenvolverá a actividade. 7. Calendario e planificación (datas de impartición das actividades presenciais e virtuais especificadas por tipo de actividade e módulo formativo). 8. Acreditación da formación (número de créditos que se acreditarán no caso de BIP dirixido a estudantes)

O/A coordinador/a da proposta
Visto e prace
Decano-a/director-a do centro

A Coruña/Ferrol, de de 2026

Anexo II. Modelo de orzamento

Detalle na seguinte táboa os gastos necesarios para a execución do BIP. Teña en conta que o orzamento máximo asignado é de 4.000 euros. Os gastos considerados non elixibles será rexeitados, sen posibilidade de substitución por outros gastos.

GASTOS ELIXIBLES	IMPORTE (€)
<i>Persoal (remuneración de docentes)</i>	
TOTAL	
<i>Subcontratacións e asistencia técnicas (Ex.: plataforma de teleformación; cáterin; desprazamentos e visitas guiadas etc.)</i>	
TOTAL	
<i>Material bibliográfico e recursos formativos (Ex.: adquisición de materiais didácticos)</i>	
TOTAL	
<i>Outros gastos de execución (Ex.: promoción e difusión, material funxible, etc.)</i>	
TOTAL	
TOTAL ORZAMENTO	

O/a coordinador/a da proposta

Visto e prace

Decano-a/director-a do centro

A Coruña/Ferrol, de de 2026